

RESIDENTES GRAO INICIAL CARREIRA PROFESIONAL ORDINARIA

CCOO vén de enterarse que os profesionais sanitarios que solicitaron o Grao Inicial como Residentes deben volver a solicitalo co seu primeiro contrato de traballo na especialidade ,algo que non está explicitamente redactado no DOG.

O sindicato considera innecesaria esta nova solicitude se xa a fixo sendo Residente, e critica a falta de información por parte da Administración e dos sindicatos asinantes, o que conleva a atrasos ou ausencias de solicitudes.

Se un residente solicita o Grao Inicial xa manifesta a intención de permanencia para o Grao I da súa Especialidade, CCOO ve redundante outra nova solicitude.

Por iso, CCOO pide á Comisión de Seguemento que elimine esta obrigatoriedade e que o recoñecemento do grao se manteña con efectos retroactivos desde 2024.